

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0017	Habilidades sociais	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EDUARDO PATIÑO NÚÑEZ-ROMERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Actualmente a cantidade de xente de todas as idades que que está a integrar a práctica de actividade física e deportiva como un hábito dentro do seu tempo de lecer está a experimentar un gran aumento. A conciencia individual e colectiva que se desenvolve en canto á relación da práctica física coa saúde e a calidade de vida é unha das causas deste incremento da demanda. Numerosos estudos académicos e de investigación amosan os beneficios que se derivan da práctica habitual e regular de exercicio físico non so para o organismo no ámbito físico se non tamén nos ámbitos emocional e social. Unha formación completa e variada e un axeitado crecemento e desenvolvemento orgánico; protección contra as enfermidades non transmisibles como a diabete, a obesidade, a tensión, enfermidades cardiovasculares; a integración e relación social como modo de aliviar a excesiva tensión psicolóxica do elevado ritmo de vida a o que estamos expostos ou certo tipo de trastornos ou enfermidades mentais como a depresión son fundamentos que nos levan a utilizar a práctica deportiva como recurso para acadar un axustado e conveniente balance que nos proporciona unha estabilidade psico-físico-social, nos garantiza un apropiado e proporcionado "modus vivendi" e nos axuda a desenvolver as competencias necesarias para afrontar os contrastes do día a día.

Paralelamente a este incremento da demanda de practicantes, tamén estamos presenciando un crecemento dos medios necesarios para esa práctica deportiva que van dende as instalacións deportivas públicas e privadas como polideportivos, campos descubertos, piscinas, ximnasios, salas de usos múltiples, salas temáticas, clubs deportivos, ata a proliferación dos servizos deportivos para a práctica colectiva como carreiras populares, campionatos deportivos, actividades na natureza, festivais e manifestacións urbanas. Dúzias de eventos deportivos por semana, centos por mes e miles por ano que se celebran na nosa contorna e que precisan de empresas relacionadas co sector e profesionais cualificados que desempeñen as funcións de deseño, elaboración, xestión, organización, control e innovación de estas actividades para que sexan estables e perdurables e ofrezcan posibilidades atractivas e cautivadoras para os demandantes.

Os Ciclos Formativos superiores como o que nos ocupa de Acondicionamento Físico, teñen o funión a de formar profesionais cualificados que se adiquen a desempeñar esas funcións e cubrir esa demanda emerxente de servizos e profesionais do sector deportivo que na actualidade máis que un pasatempo, convertiuse nunha necesidade que ocupa unha parte importante do noso tempo de lecer e que repercute directamente na nosa saúde e calidade de vida dende unha perspectiva holística

Con respecto ao perfil do alumnado do ciclo, poderíamos supoñer que se trata de xóvenes mozos e mozas que rematan os seus estudos en bacharelato ou noutro ciclo medio e que teñen unha certa inqueitude polo deporte e a actividade física, que comparten preocupacións relacionadas coa práctica deportiva e que en certo grado practican e participan habitual regularmente en eventos de tipo deportivo xa sexa dende a perspectiva de participantes ou organizadores. O ámbito rural e urbano mesturase nas clases e nos centros xa que a procedencia dos alumnos/as e diversa e abrangue toda a xeografía autonómica de forma que se percibe un crisol cosmopolita no que cada idiosincrasia fai a súa particular achega.

En conclusión, tratase de formar do mellor xeito posible as novas xeracións de xente cunha conciencia deportiva e saudable e de desenvolver a súa iniciativa e espírito emprendedor para que poidan acadar o éxito no seu desempeño profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Que son as Habilidades Sociais	Unidade sobre os conceptos iniciais das Habilidades sociais	14	10

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	Cómo podemos mellorar as nosas habilidades sociais	Unidade sobre os principios para a mellora das nosas habilidades sociais	28	20
3	Programas de entramento en habilidades sociais	Unidade sobre as forma de adestramento das habilidades sociais	15	10
4	Gestión de conflitos e toma de decisións	Unidade básica vinculada a xestión de conflitos e e tomar decisión antes as diferentes situacións problemáticas.	20	10
5	Caracterización de grupos	Unidade sobre as características sobre os grupos, o porqué de agruparnos en grupos, os tipos de grupos..etc.	14	10
6	Intervención de Grupos	Unidade dedicada a intervención de grupos e súa dinamización.	28	20
7	Intervención en equipos de traballo	Unidade que dota ao alumno de ferramentas para favorecer o traballo en grupos	28	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Que son as Habilidades Sociales	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbóronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.
CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.
CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.

Criterios de avaliación

CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.

4.1.e) Contidos
Contidos

Relacións interpersoais e percepción social.

Habilidades sociais, competencia social e conceptos afíns.

Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.

Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal.

Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos.

Mecanismos de defensa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Cómo podemos mellorar as nosas habilidades sociais	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.
CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.
CA1.8 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.
CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.
CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Intervencións en público: materiais de apoio. Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención. Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal. Valoración comunicativa do contexto: facilitadores e obstáculos na comunicación. Valoración da importancia das actitudes na relación de axuda. Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos. Mecanismos de defensa.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Programas de entrenamento en habilidades sociais	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.	NO
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.
CA1.8 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.
CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.
CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersonal e de comunicación axeitadas.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.
CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.
CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.
CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

Criterios de avaliación

CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

4.3.e) Contidos
Contidos

0Programas e técnicas de comunicación e habilidades sociais. escoita activa, empatía, asertividade e autocontrol.

Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación.

Recollida de datos: técnicas.

Avaliación da competencia social.

Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.

Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Gestión de conflitos e toma de decisións	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.
CA4.2 Descríbense as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.
CA4.3 Identifícanse e descríbense as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.
CA4.4 Descríbense as fases do proceso de toma de decisións.
CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.
CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.
CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Valoración do conflito nas dinámicas grupais. Análise de técnicas de resolución de problemas. Proceso de toma de decisións. Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais. Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Caracterización de grupos	14

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.
CA2.5 Identifícaronse as principais barreiras da comunicación grupal.
CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía e características dos grupos. Desenvolvemento grupal.
OA confianza no grupo.
Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Análise da estrutura e dos procesos de grupos.
Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.

Contidos
Detección e análise de problemas no traballo en equipo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Intervención de Grupos	28

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	NO
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.
CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.
CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.

Criterios de avaliación

CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.

CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.

CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.

CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.

CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.

CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

4.6.e) Contidos**Contidos**

0A confianza no grupo.

Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.

Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.

Técnicas para a análise de grupos.

Dinámicas de grupo. Fundamentos psicosociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.

Recollida de datos: técnicas.

Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.

Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos.

Sociometría básica.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Intervención en equipos de trabajo	28

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	NO
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.	SI
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.
CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.
CA3.1 Descríbense os tipos de reunión e as funcións.
CA3.2 Descríbense as etapas do desenvolvemento dunha reunión.

Criterios de avaliación
CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.
CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.
CA3.5 Descríronse os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución.
CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.
CA3.7 Descríbiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.
CA3.8 Aplicáronse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.
CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.
CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.
CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.
CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>0A confianza no grupo.</p> <p>Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.</p> <p>Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.</p> <p>Técnicas para a análise de grupos.</p>

Contidos

Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.

Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.

Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.

Traballo individual e traballo en grupo.

A reunión como forma de traballo en grupo.

Tipos de reunións e funcións.

Etapas no desenvolvemento dunha reunión: preparación, inicio, desenvolvemento e finalización.

Técnicas de moderación de reunións.

Identificación da tipoloxía das persoas participantes nunha reunión.

Análise de factores que afectan ao comportamento dun grupo: boicot e colaboración.

Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En cada avaliación trimestral empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Cando menos unha proba obxectiva ou exame.
- Varios traballos individuais ou en grupo a desenvolver de xeito presencial na aula, na maior parte, ou tamén no seu tempo libre.
- Deseño e execución de exercicios/sesións prácticas.

En cada unha destas probas se especificará concretamente cales son os criterios mínimos asociados, e será necesario acadar unha nota igual ou superior ao 4 para poder facer media coas outras probas da avaliación e acadar a nota mínima de 5 que dará o aprobado nesa avaliación. Será necesario ter unha nota igual ou superior ao 4 en cada un dos criterios mínimos asociados a cada proba para poder facer media entre todos os criterios e acadar o 5 ou aprobado en dita proba. Unha proba que non supere os criterios mínimos asociados con unha nota igual ou superior a 4 non acadará o 5 en ningún caso, aínda que os demais criterios (non mínimos) estean superados.

Mentres exista algún criterio mínimo con unha nota inferior a 4 en calquera das probas, non se poderá superar o módulo. No caso de reunir as condicións anteriores se calculará a nota final en base ás seguintes porcentaxes:

Con respecto á avaliación será:

70% da nota Probas Teóricas (examen)

30% Probas prácticas e traballos (traballos prácticos, sesións e exposición das mesmas sobre dinámicas de grupos, fichas, actividades de aula..)

O alumno terá que obter como mínimo ao 40% de cada parte para facer media e poder superar a avaliación ou o módulo (sempre que alcance os mínimos esixibles).

A nota do trimestre será a nota media das UD finalizadas no mesmo.

A nota final será a media aritmética das UD desenvoltas en todo o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

Suspenderase unha avaliación no caso de non acadar algún dos mínimos exixibles. As probas non superadas (tanto teóricas como prácticas) repetiránse unha vez no seguinte trimestre, agás no segundo trimestre que se repetirán dentro do mesmo. No caso de non recuperalas, farase unha última proba no mes de Marzo, nas datas seleccionadas por xefatura de estudos para actividades de recuperación, despois da segunda avaliación.

Na recuperación dos traballos avaliados negativamente, a nota que se acadará será a nota do segundo traballo se é superior á do primeiro.

As sesións prácticas (dirección e dinamización de sesións) non se poderán repetir, xa que non hai tempo material para iso e necesitan a participación doutras persoas, o que non se pode garantir.

ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE:

Non poderá acudir a clase normalmente, polo que se establecerán as datas axeitadas para que faga as probas teóricas e os traballos pertinentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

ALUMNADO CON PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA:

Realizará dúas probas:

1.- Proba teórica de todos os contidos do módulo, onde o alumnado deberá aprobar o exame cunha nota mínima de 5 puntos.

2.- Proba práctica que consistirá na elaboración de un ficheiro de Técnicas de Dinámicas de Grupos, escollendo no ficheiro de "DINÁMICAS" que está colgado na aula virtual do módulo.

O alumnado realizará una evaluación e valoración persoal das mesmas. Entendendo por evaluación o análisis da técnica en si mesma, e por valoración como se sentiría ao realizar cada técnica en particular.

O número de fichas do ficheiro será igual ao número de fichas que presente o alumnado sen perda de avaliación no ano académico en curso.

Tanto a proba teórica como a proba práctica terán que aprobadas cunha nota mínima de 5 puntos.

Unha vez aprobadas ambas probas o porcentaxe na nota final será a seguinte:

Proba teórica 70% da nota.

Proba práctica 30% da nota.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Seguimento

- Os propios resultados trimestrais dos alumnos.

- Realización de seguimento da programación mensual.

- Realización dunha enquisa de valoración final (enquisa do sistema de calidade).

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Reunión inicial co grupo e realización dunha batería de preguntas referidas aos contidos (temario) do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Traballo alternativo e titorías en función das carencias que se detecten

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Elementos tranvesais

- Fomentarse a colaboración mediante os traballos en grupo (aprendizaxe cooperativa).
- Fomentarse o respecto ás opinións mediante a realización de debates e discusións.
- Esixirase limpeza e orde nos traballos.
- Esixirase boa expresión e corrección de fallas de ortografía.
- Fomentarse o respecto cara á diversidade.
- Traballarase na aceptación e respecto dos niveis de execución motriz propios e alleos.
- Promoverase a integración en cuestión de xénero, cultura, relixión ou condición física e desentimaranse todas aquelas actitudes discriminatorias nos sentidos comentados.
- Fomentaranse as competencias sociais e cívicas a través do exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes.
- Impulsaranse a iniciativa e o espírito emprendedor orientado á faceta laboral que se desenvolverá despois de rematar o ciclo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia a charlas e/ou congresos que se vaian convocando ao longo do presente curso.
Visitas a lugares e centros de interés relacionados cos contidos do módulo profesional.
Realización de actividades prácticas en centros e institucións e organismos de interés relacionados cos contidos do módulo profesional.
Posible planificación e execución de sesións de acondicionamento físico para outro alumnado e/ou profesorado do centro.

10. Outros apartados

10.1) Actuación COVID

Mentres a situación motivada pola COVID19 non estea controlada será necesario tomar unha serie de medidas:

1. A mascarilla é obrigatoria tanto nas sesións teóricas como prácticas.
2. As sesións teóricas faranse en aula ventilada e coa separación de 1,5 m recomendada. Solicitarase a utilización de material individual sin posibilidade de préstamo (papel, bolígrafo, portátil,...). Sempre que sexa posible por distribución horaria, uso de material ou calquera outra circunstancia as sesións teórica faranse por videoconferencia.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. As sesións prácticas realizaranse de xeito semipresencial, dividindo ao grupo en dous, para facer posible a separación nos ximnasios e laboratorios. Un grupo realizará a práctica sempre con exercicios individuais e material do propio centro pero individualizado na sesión e desinfectado despois de cada uso e o outro grupo analizará exercicios, sesións e preparará próximas sesións na súa casa.
4. Os contidos da programación que non se podan realizar de xeito práctico polo risco de contaxio que supoñen (prácticas de soporte vital, transporte de feridos, valoración antropométrica, exercicios físicos por parellas ou grupos, etc...) serán suplidos por vídeos e outras informacións gráficas á espera de poder realizarse nas últimas semanas de clase.
5. En caso de confinamento seguirase impartindo clase de forma telemática utilizando os medios protocolizados: aula virtual, correo electrónico, videoconferencia. Neste caso o sistema de avaliación seguirá sendo o mesmo tendo en conta que as prácticas de exercicios e sesións serán substituídas por deseños de exercicios, sesións, progresións, etc, feitas polo alumnado dende a súa casa. Poderíase esixir a filmación en vídeo da execución de determinados exercicios.